

BANDO DA ALCALDÍA

ASUNTO: AXUDAS Á NATALIDADE 2017

O Concello de Rodeiro, no Orzamento Xeral do exercicio de 2017, estableceu na Base de Execución 9ª unhas axudas directas á natalidade dotadas coa cantidade de 500,00 € por beneficiario ata o límite da consignación orzamentaria (5.000,00 €). A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 30 de decembro de 2017, acordou efectuar a correspondente convocatoria pública anual das axudas.

BENEFICIARIOS.- Serán beneficiarios das axudas os pais/nais dos nenos/as nacidos entre o día 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2017, ambos inclusive.

REQUISITOS.- Amais da data de nacemento do menor, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- O nacido deberá figurar empadroado nun domicilio do Concello de Rodeiro.
- Polo menos un dos pais/nais deberá acreditar o seu empadramento no Concello cunha anterioridade superior a un ano ao nacemento do neno/a.

CONTÍA DA AXUDA.- Cincocentos euros (500,00 €) por expediente aprobado ata a límite da consignación orzamentaria. No suposto de que se presenten máis de dez solicitudes a cantidade subvencionada consistirá na cifra resultante de dividir o consignado na partida polo número de solicitudes presentadas e admitidas.

SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, entre os días 8 e 31 de xaneiro de 2018, ambos inclusive. As solicitudes soamente se admitirán se veñen cumprimentadas no modelo oficial que será facilitado no Concello ou descargado a través da páxina web municipal www.rodeiro.org.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR: (orixinais ou copias compulsadas)

- DNI/NIE do solicitante.
- Certificación rexistral do nacemento ou Libro de familia no que conste o nacemento.
- Certificado de empadramento e convivencia do nacido.
- Certificado de empadramento do pai/nai que acredite o requisito de antigüidade.
- Certificado de conta bancaria.

INFORMACIÓN.- Calquera información que precisen sobre o particular poderán dirixirse á educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez (teléfono de contacto 986790009).

O que se fai público para xeral coñecemento

Rodeiro, 2 de xaneiro de 2018

O alcalde

Luis López Diéguez

